GUIA BÁSICA PARA ENTENDER A CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL E REALIZAR A SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE GRAOS

1.- Que é a Carreira Profesional Horizontal?

É a ferramenta establecida no TREBEP para o recoñecemento do desenvolvemento profesional do persoal empregado público sen necesidade de cambiar de posto de traballo mediante **a progresión nun sistema de graos dentro de cada grupo ou subgrupo de clasificación** A obtención de cada grao require require unha serie de anos de servizos prestados na administración, a superación da avaliación do desempeño e a realización dun determinado número de horas de formación.

Este recoñecemento vai asociado a unha mellora retributiva a través do **novo complemento de carreira, cuxo importe variará segundo o grupo no que se recoñece o grado, recoñecemento que funciona do mesmo xeito que para os trienios.**

O regulamento da Deputación recoñece hasta **catro grados por grupo, aínda que só xeran dereitos económicos os catro mellores**. Necesítanse cinco anos para o recoñecemento do primeiro grao e seis para os restantes. Con 23 anos obtense catro graos.

2.- Quen se pode beneficiar?

Todo o persoal empregado público da Deputación da Coruña ata o momento en que se faga efectiva a súa xubilación coa excepción do persoal docente que xa ten a súa carreira profesional polo sistema de sexenios. É dicir, **o persoal funcionario de carreira e interino, así como o persoal laboral**. Queda excluído o persoal eventual.

Pódese tamén beneficiar o persoal doutras administracións públicas que, mediante os sistemas de concurso, permuta, libre designación ou comisión de servizos, preste servizos na Deputación.

3. Por que hai un sistema ordinario e un sistema extraordinario?

Porque é de xustiza **recoñecer retroactivamente o desenvolvemento profesional xa acadado polo persoal no momento de implantación da carreira** e o sistema ordinario só contempla a consecución de graos de xeito secuencial empezando de cero no momento da solicitude de carreira por parte do persoal.

Na Deputación optouse por un sistema extraordinario que **recoñece desde o inicio todos os grados que se alcanzarían no sistema ordinario cos anos de servizos prestados que teña cada quen**, sempre que se cumpran o resto de requisitos, pagándose inicialmente só unha porcentaxe dos dereitos recoñecidos: 20% no 2024 e 2025, 40% no 2026, 60% no 27, 80% no 2028 e 100% no 2029, momento en que finalizará o sistema extraordinario e iniciarase o ordinario.

4. Por que se xera un mecanismo de aceleración para o persoal próximo á xubilación?

Por equidade e para posibilitar a viabilidade financeira da carreira. O persoal que se atope próximo á súa idade de xubilación vai gozar moi pouco tempo da carreira, fronte a un traballador de novo ingreso que cando leve os mesmos anos de servizo a gozaría durante toda a súa traxectoria profesional, polo que parece de xustiza que, dentro do que posibilite a dispoñibilidade orzamentaria, o persoal nesta situación dispoña dun mecanismo que lle permita incrementar as porcentaxes que cobrará nos anos que lle restan mentres dure o sistema extraordinario e non se alcance o 100% con carácter xeral. Por outra banda, permite gastar en cada exercicio a totalidade

da cantidade incluída nos orzamentos que unha vez aportados consolidaranse como dereitos no exercicio seguinte, mantendo a partida inicial, o que permitirá financiar a totalidade da carreira nos seis anos que dura o sistema extraordinario.

5. Que tempo computa para o recoñecemento de graos?

Computa todo o tempo traballado na Deputación ou noutras administracións públicas, tanto como persoal funcionario de carreira ou interino como persoal laboral. Tamén computarase o tempo transcorrido en situación de incapacidade temporal, situacións de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares, por razón de violencia de xénero, ou por razón de violencia terrorista, sen prexuízo da necesidade de dar cumprimento aos restantes requisitos esixidos para o ascenso de tramo.

6. Por que non é de aplicación automática e temos que solicitala?

A normativa establece que a Carreira Profesional Horizontal é voluntaria, polo tanto **é imprescindible facer a solicitude de recoñecemento dos graos acadados para acceder ao cobro dos dereitos económicos a que dan lugar** a través do Complemento de Carreira.

7. Como solicitala?

A solicitude de recoñecemento de graos **farase a través dun procedemento habilitado en SUBTEL**. **O prazo para facer a solicitude iniciase o 31 de xullo e finaliza o 6 de setembro.** As solicitudes feitas dentro deste prazo **determinarán os dereitos económicos a cobrar nos tres últimos meses deste ano e no 2025.**

Para presentar a solicitude en primeiro lugar debe cubrirse o formulario:
1) Confirmar datos persoais.
2) Marcar as casas das autorizacións e declaracións.
3) Cubrir os datos que aparecen no apartado de outros datos.
   - A data de antigüidade figura nas nóminas.
   - No caso que se prestase servizo en mais dun grupo de clasificación, aconsellamos consultarnos a data máis óptima desde a que solicitar o recoñecemento da carreira.
   - Marcar “Si” a cobrar os graos de maior nivel e á aceleración.

Achegar a documentación acreditativa da formación realizada fora dos plans da Deputación soamente nos casos nos que a formación realizada na Deputación non sexa suficiente para acadar os graos que se solicitan, e nese caso, presentar exclusivamente a que sexa imprescindible. Se pode consultar no apartado de formación de SUBTEL o número de horas realizadas dentro dos plans da Deputación.

Presentar a solicitude mediante firma electrónica.

8. Por que pode ser importante seleccionar unha data distinta da de inicio do servizo (inicio de cómputo de trienios) como data desde a que solicitar o recoñecemento de graos?

A selección correcta da data desde a que se solicita o recoñecemento non sempre ten que ser a data desde a que se computa a antigüidade para o cobro de trienios, nin a resultante de contar 23 anos cara atrás desde a data de finalización do prazo de solicitude. Poden darse varios supostos:

a) **Para o persoal que desenvolveu toda a súa traxectoria nun mesmo grupo de clasificación** (A1-A, A2-B, B, C1-C, C2-D, A.P.-E) ou os seus equivalentes para o persoal laboral (I, II, III, IV, V) **a data**

óptima coincide coa de inicio de cómputo de trienios. Esta será a que defina por defecto o sistema no caso de que non se cubra ese apartado.

b) Para o persoal que desenvolveu a súa traxectoria en grupos de clasificación distintos, é necesario o estudio de cada caso concreto. Debido a que ao longo das asembleas realizadas para informar sobre a carreira observamos certa dificultade do persoal para o cálculo da data que optimiza os graos nos grupos superiores para obter as maiores retribucións ao longo da vida laboral, na Sección Sindical de CCOO deseñamos unha ferramenta **informática baseada na Intelixencia Artificial para calcular a data máis favorable de inicio da carreira para cada caso particular.**

As persoas interesadas en que os representantes de CCOO calculemos a súa data máis favorable de inicio de carreira profesional deben solicitalo enviando un correo desde a súa conta corporativa a ccoo@dacoruna.gal, poñendo no asunto "Data carreira horizontal", e indicando:
- A data de antigüidade que figura na súa nómina
- A súa data de nacemento
- Os trienios que figuran na súa nóminas
- As datas de toma de posesión en caso de cambios de grupo ou subgrupo.

Quen descoñeza estas datas debe indicar no correo que permite á Sección Sindical de CCOO tratar de localizalas. A localización farase accedendo aos rexistros administrativos públicos, como o libro de resolucións de presidencia.

Os correos atenderanse por orden de chegada.

Os datos facilitados polas persoas solicitantes serán tratados polos representantes de CCOO unicamente para a realización do cálculo solicitado, non serán almacenados fora do correo electrónico de solicitude e non serán transferidos a terceiros. Os correos electrónicos de solicitude serán conservados ata o fin do prazo de recurso da resolución administrativa de recoñecemento de grao, momento no que serán eliminados. A persoa solicitante poderá en calquera momento exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición ou limitación ao tratamento mediante correo electrónico a ccoo@dacoruna.gal.